

GRANDES AVANCES DA HUMANIDADE

A NEVEIRA

Xedas



Pozo da neve en Galicia

O ser humano pronto intuía que o frío conservaba as cousas e así atopamos frescos silos baixo terra xa desde a Idade do Bronce. Mais a “domesticación” do frío aínda había de tardar séculos pois ao máis que se chegou foi a que a nobreza e os señores dispuxeran de “neveiras” nas terras altas onde se acumulaba neve abondo no inverno. O seu uso, apenas era refrescante de bebidas e frutas e a ninguén que coñezamos se lle ocorreu inventar a neveira caseira ata máis adiante.

A conservación dos produtos facíase a base da salgazón que como todos sabemos en Cangas, foi logo substituída pola conserva ao baleiro. Mais cara ao século XVIII, as clases podentes dos lugares con neve todo o ano, xa empezaron a dispoñer do que se chamaba a “fresqueira”. Esta era unha cavidade da casa, xa fresca de por si, que se enchía con neve mesturada con palla traída das montañas. Pouco a pouco foise xeralizando esta profesión de “neveiro” consistente en gardar a neve en pozos excavados na montaña para logo vendela no verán. No século XIX, Noruega chegou a ser un país exportador de neve ata que coa chegada da electricidade, moitas fábricas de gasosas comezaron a producir xelo industrial. Este vendíano baixo demanda a hoteis, bares e particulares, en grandes bloques ou barras que unha vez cortados ou picados, servían para encher os “modernos armarios neveiras”.

Un dos primeiros frigoríficos eléctricos de uso doméstico foi o da marca Domeire e comezou a venderse en Chicago no 1913.

Agora pensen: Cando chegou a primeira neveira á sua casa? E cando o primeiro frigorífico?



Repartidoras de xelo e neveira